

## Prazos de reserva de praza, solicitudes de admisión e matrícula na Escola Municipal de Música para o curso escolar 2022-2023.

### ANTECEDENTES

A Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela (en diante EMM), cuxo titular é o Concello de Santiago de Compostela, é un centro público de ensinanzas artísticas inaugurado no mes de marzo do ano 2003, rexistrada na Consellería de Educación da Xunta de Galicia o 30 de outubro de 2003 co número de rexistro 15032315, situada no Predio de Vista Alegre, Rúa das Salvadas, s/n. 15705 Santiago de Compostela.

É un centro dedicado ao ensino da música, que ten por finalidade xeral, dunha parte, ofrecer unha formación musical práctica a quen, cun mínimo de aptitudes, sinta afección polo feito musical e doutra, orientar e preparar para os estudos profesionais de música o alumnado que amose unha especial vocación e aptitude. Organiza, coordina e imparte as ensinanzas conducentes á formación práctica en música de persoas afeccionadas de calquera idade a través dun instrumento ou a través do canto. A oferta educativa da EMM organízase arredor da práctica musical individual e colectiva, promovendo a aprendizaxe en grupo.

Trátase tamén dun equipamento cultural e educativo máis da cidade caracterizado por ser próximo e participativo. É unha escola:

- Para todos e para todas, para as persoas máis novas e para as maiores.
- Que concibe o ensino-aprendizaxe musical ao servizo da formación integral das persoas e como unha actividade fundamentalmente práctica, tendo presente os valores socializadores da música.
- Que promove ferramentas de aprendizaxe musical básicas para desenvolver no alumnado a autonomía necesaria para facer música a nivel afeccionado, promovendo os instrumentos e as agrupación instrumentais e vocais como eixes vertebradores dos programas musicais.
- Que orienta e favorece o acceso aos estudos profesionais do alumnado con especial interese e capacidade.

A Escola ten como **obxectivos**:

- a) Fomentar dende a infancia o coñecemento e apreciación da música, iniciando aos nenos/as dende idades temperás na súa aprendizaxe.
- b) Ofrecer un ensino instrumental orientado tanto á práctica individual coma á práctica de conxunto.
- c) Proporcionar un ensino musical complementario á práctica instrumental.
- d) Fomentar no alumnado o interese pola participación en agrupacións vocais e instrumentais.
- e) Organizar actuacións públicas e participar en actividades musicais de carácter afeccionado.
- f) Desenvolver unha oferta ampla e diversificada de educación musical, sen límite de idade.
- g) Orientar aqueles casos en que o especial talento e vocación do alumnado aconselle o seu acceso a un ensino de carácter profesional, proporcionándolle no seu caso a preparación axeitada para acceder ao devandito ensino.
- h) Colaborar con institucións culturais existentes na nosa cidade tales como: Real Filharmonía de Galicia, Universidade, Conservatorio profesional, Centros de ensino de Infantil, Primaria e Secundaria, obradoiros de teatro, co fin de integrar esta oferta no entramado sociocultural de Santiago de Compostela.
- i) Incentivar posibilidades musicais habitualmente relegadas na oferta de formación como o jazz, pop, informática musical, música tradicional, tendencias contemporáneas.

As ensinanzas impartidas pola Escola non teñen validez académica e estarán supeditadas ás normas que a Consellería de Educación da Xunta de Galicia e os demais órganos competentes neste tipo de estudos establecen. Abranguen, como **oferta básica**, os seguintes ámbitos de actuación:

- a) Música e movemento para nenos e nenas en idades comprendidas entre os 3 e 7 anos.
- b) Práctica instrumental dende os 8 anos.
- c) Formación musical complementaria á práctica instrumental.
- d) Actividades instrumentais e vocais de conxunto.

As ensinanzas que se imparten na EMM de Santiago de Compostela son as seguintes:

### **1. Escola infantil de música 3-7 anos:**

Escola infantil de música: 3 anos (4º de educación infantil)

Música e movemento I: 4 anos (5º de educación infantil)

Música e movemento II: 5 anos (6º de educación infantil)

Iniciación á linguaxe musical I: 6 anos (1º de educación primaria)

Iniciación á linguaxe musical II: 7 anos (2º de educación primaria)

## **2. Plan de estudos xeral (PEX)**

Destinado ao alumnado de idades comprendidas entre os 8 (3º de educación primaria) e os 15 anos (4º da ESO).

### 2.1 Práctica instrumental

## **3. Plan de estudos para persoas adultas (PEPA)**

### 3.1 Práctica instrumental

## **4. Plan de acceso ao conservatorio (PACO)**

Orientado ao alumnado que teña interese e aptitudes para acceder a estudos profesionais. Será necesario ter cursado un mínimo de catro cursos no PEX na Escola Municipal de Música para acceder a dito plan.

As especialidades que se ofrecen dentro do PEX e do PEPA son:

a) Instrumentais: violín, viola, violonchelo, contrabaixo, guitarra, guitarra eléctrica, baixo eléctrico, frauta, clarinete, gaita, percusión, piano, saxofón, trompeta, acordeón, trombón, bombardino, trompa, percusión tradicional, acordeón tradicional e arpa tradicional.

b) Formación complementaria: linguaxe musical, educación auditiva, iniciación aos arranxos, teoría da música tradicional galega, arqueoloxía da música en Europa, harmonía e análise, etnomusicoloxía e informática musical.

c) Actividades de conxunto: conxunto tradicional, combo, orquestra, banda, coro infantil, coro xuvenil, coro adulto, orquestra de iniciación e banda de iniciación.

Así mesmo, levaranse a cabo actividades complementarias e concertos, como medio pedagóxico e de proxección externa do traballo da EMM, que formarán parte da programación xeral anual do centro e que serán presentadas e aprobadas polo órgano competente.

## **Situación sanitaria: COVID-19**

No presente curso 2021-2022, o procedemento de renovación de praza e matrícula tivo que ser reformulado e adaptado á nova situación sanitaria. Todos os trámites foron realizados de xeito telemático. Tendo en conta a evolución da pandemia e o protocolo seguido na EMM en canto a medidas de seguridade e hixiene, preténdese manter este formato de cara o curso 2022-2023.

## **CONSIDERACIÓNS**

1. Para o procedemento administrativo séguense, con carácter xeral, os artigos 163 a 185 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento, e réxime xurídico das entidades locais, así como artigos 54 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. O proceso administrativo relativo ás persoas usuarias e novas solicitudes da Escola Municipal de Música de Santiago, inclúe os seguintes prazos xerais:

**Para o Alumnado actual do centro**

<p><b>Alumnado iniciación musical II (2º)</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Publicación prazas extraordinarias de</li><li>• Preinscripción alumnado iniciación</li><li>• Sorteo público</li></ul> <p><b>Alumnado de música e movemento, PEX e PEPA:</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Renovación de praza</li><li>• Exposición pública prazas vacantes 1ª</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• 21 de marzo de</li><li>• do 21 ao 25 de marzo de 2022</li><li>• 7 de abril de</li><li>• do 25 de abril ao 5 de maio de 2022</li><li>• 12 de maio de</li></ul>
---	---

**Solicitudes de novo alumnado (1ª convocatoria)**



EDUCACIÓN

- |  |   |
|--|---|
| <ul style="list-style-type: none"><li>• Período de</li><li>• No caso de haber máis solicitudes que prazas realizarase un sorteo público</li><li>• Exposición pública listas provisionais de admitidos 1ª</li><li>• Período de</li><li>• Exposición pública da relación definitiva de admitidos</li></ul> | <ul style="list-style-type: none"><li>• do 13 de maio ao 10 de xuño de 2022</li><li>• 20 de xuño de</li><li>• A partir do 21 de xuño de</li><li>• 10 días naturais dende a publicación de admitidos provisionais</li><li>• A partir do 1 de xullo de</li><li>• do 4 ao 15 de xullo de</li></ul> |
|--|---|

**INSCRICIÓN E MATRÍCULA:**

**A) Renovación de praza e matrícula no curso escolar 2022-23 para o alumnado matriculado actualmente:**

**Renovación de praza para alumnos/as matriculados en cursos anteriores.**

**1. O alumnado que finaliza música e movemento e ten que elixir instrumento (Plan de educación xeral PEX): inscrición na EMM dende o 21 ao 25 de marzo de 2022.**

- a) O profesorado de iniciación musical II (alumnado de 2º de educación primaria) axudaralles ás familias, a través de correo electrónico ou por medio de titorías realizadas por videochamada, a resolver dúbidas para o procedemento de elección de instrumento, de acordo coas especialidades que se ofrecen e as prazas dispoñibles.
- b) O 21 de marzo a EMM publicará no taboleiro de anuncios o número de prazas dispoñibles de instrumento para este alumnado. Dita información será remitida vía correo electrónico ás familias xunto co correspondente impreso de preinscrición onde sinalarán por orde de preferencia, o seu interese ata en 2 especialidades distintas.

Esta modalidade educativa de PEX inclúe: instrumento, linguaxe musical e agrupación. Realizada esta petición de preinscrición poden darse as seguintes casuísticas:

b.1) Se se obtén a praza solicitada, o alumno ou alumna incorpórase ás listas xerais de renovación por especialidade.

b.2) Se hai máis solicitantes que prazas dispoñibles, o 7 de abril realizarase un sorteo público interno, a través da plataforma Zoom, onde os solicitantes de praza participarán coa 1ª opción. De resultas deste proceso poden darse os seguintes supostos:

b.2.1) Se se obtén por sorteo a praza solicitada, o alumno ou alumna incorpórase ás listas xerais de renovación da EMM.

b.2.2) De non obter praza, o alumno ou alumna ten a opción de matricularse nas dúas materias xa mencionadas (linguaxe musical e agrupación) á espera dunha vacante no instrumento elixido, ou pode volver solicitar praza noutra especialidade instrumental no período de preinscrición para o novo alumnado.

Os procesos de renovación de praza e fixación de horarios para o vindeiro curso escolar 2022/2023 realizaranse do 25 de abril ao 5 de maio de 2022.

O alumnado PEX/PEPA matriculado en dúas materias (teórica e agrupación) con interese en optar a praza de instrumento, unha vez finalizada a elección de instrumento do alumnado de 7 anos que finaliza a etapa da Escola Infantil de Música inicia o Plan de Estudos Xeral (PEX) no vindeiro curso 2022-23, e no suposto de que quedasen prazas vacantes, terá a oportunidade de optar a unha destas vacantes.

Mércores 20 de abril de 2022: publicación de vacantes ás que pode optar o alumnado de PEX/PEPA matriculado en dúas materias (que ata o momento non conta con praza de instrumento). Dita información remitiráselle por correo electrónico xunto co formulario de inscrición.

Preinscrición: do 20 de ao 21 de abril de 2022

22 de abril de 2022: sorteo de prazas (no caso de que sexa necesario) ou confirmación directa de praza.

## **2. Renovación de praza do alumnado de música e movemento (de 3 a 6 anos):**

Do 25 de abril ao 5 de maio, enviaráselle por correo electrónico ás familias o formulario de renovación de praza onde figurarán os datos do alumno ou alumna, así como o horario asignado pola propia EMM para o vindeiro curso escolar. As familias deben revisar e confirmar que estes datos son correctos e entregar asinado dito impreso ao enderezo electrónico indicado (data límite: 5 de maio).

## **3. Renovación de praza do alumnado do Plan educativo xeral (PEX) e alumnado do Plan educativo para persoas adultas (PEPA):**

A EMM realizará o día 7 de abril un sorteo público interno a través da plataforma Zoom coa presenza dunha persoa responsable legal do alumnado do PEX ou PEPA, ademais do equipo directivo. Neste sorteo escollerase a letra que sinala a orde alfabética (inicial do primeiro apelido) que cumpra seguir na renovación da matrícula e

na elección horaria para o instrumento que se ha elixir no curso escolar 2022-23. Para a orde de elección de horario das clases individuais procederase do seguinte xeito:

- Escollerase por sorteo unha letra.
- Comezaran a elixir o horario aquelas familias que conten con máis membros da unidade familiar matriculados na EMM.
- No caso de unidades familiares con semellante número de membros, a escolla comezará por rigorosa orde alfabética a partir da letra extraída.

Dito procedemento unicamente fai referencia á elección de horario de clase individual de instrumento. Os horarios, tanto da parte teórica como de agrupación, serán asignados pola EMM, por motivos pedagóxicos e de organización.

Na páxina web da EMM, [www.emmsantiagodecompostela.com](http://www.emmsantiagodecompostela.com) e na web municipal [www.santiagodecompostela.gal](http://www.santiagodecompostela.gal), expoñerase a acta do sorteo e as listaxes coa data e hora para elixir horario. Dita información tamén será remitida por correo electrónico ao alumnado e familias.

Durante a elección de horario, que se realizará a través da plataforma zoom, confirmarase os datos do/a alumno/a e remitirase a través de correo electrónico para que poida ser cuberto e asinado o correspondente impreso de matrícula, así como a actualización da ficha médica, a autorización de dereitos de imaxe de cada alumno ou alumna, título de familia numerosa (a quen corresponda) e a autorización de saída do centro dos menores de idade e demais documentación referente á aceptación das medidas de prevención asumidas durante a pandemia.

Permitirase a modificación horaria no caso de incompatibilidade coa xornada escolar (nos apartados 2 e 3). Para outras casuísticas, pódese solicitar o cambio de horario por escrito e agardar a confirmación da EMM. Atenderanse as peticións, de ser posible, de acordo coa seguinte prioridade:

- 1) Compatibilizar horarios de irmáns matriculados no centro.
- 2) Agrupar as materias do propio alumno/a en 2 días.
- 3) No suposto de ter varios casos coas mesmas características, a letra que saia como resultado do sorteo do día 7 de abril, determina a orde na que se terán en conta as peticións.

#### **4. Outra información de interese xeral:**

Non se poderá renovar praza na EMM nos seguintes casos:

- Alumnado que finaliza o ciclo de 8 anos do seu plan educativo da EMM, agás se dispoñan de prazas vacantes e unicamente por período dun curso escolar e nos prazos establecidos.
- Alumnado ao que se lle remitira, ao longo do presente curso, tres informes referidos á falta de asistencia reiterada a clase, sempre baixo a supervisión da comisión pedagóxica do centro.



- Alumnado que repita unha mesma materia máis de dúas veces, sempre baixo a supervisión da comisión pedagóxica do centro.
- Alumnado que teña pendente algunha mensuralidade e non teña regularizada a súa situación antes do inicio do proceso de renovación de praza.

Os horarios elixidos actualízanse anualmente, tendo en conta o incremento do alumnado en cada curso escolar e a complexidade das casuísticas que concorren no alumnado do centro.

As taxas correspondentes á matrícula anual cóbranse tradicionalmente no mes de xullo de cada ano.

## **B) Preinscrición e matrícula de novo alumnado para o curso escolar 2022-23:**

1. Os prazos oficiais de preinscrición e matrícula, aprobados pola Xunta de Goberno Local publicaranse no taboleiro da EMM, na páxina web do Concello de Santiago ([www.santiagodecompostela.gal](http://www.santiagodecompostela.gal)) e na web da EMM ([www.emmsantiagodecompostela.com](http://www.emmsantiagodecompostela.com)), segundo o seguinte procedemento:

A exposición de prazas vacantes (1ª convocatoria) publicarase o 12 de maio de 2022. Unha vez que o alumnado da EMM renove a súa praza para o curso escolar 2022-23, o centro publicará no seu taboleiro de anuncios, na súa web ([www.emmsantiagodecompostela.com](http://www.emmsantiagodecompostela.com)) e na web municipal ([www.santiagodecompostela.gal](http://www.santiagodecompostela.gal)) o número de prazas vacantes en cada especialidade instrumental e o plan formativo ao que corresponde (Escola de música infantil, Plan educativo xeral, Plan educativo para persoas adultas).

Período de preinscrición (do 13 de maio ao 10 de xuño de 2022): As persoas interesadas en matricularse deberán presentar a solicitude de preinscrición ben por medios electrónicos ou de xeito presencial con cita previa no Rexistro xeral do Concello de Santiago (Rúa do Presidente Salvador Allende 4, Galeras), ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Para solicitar a cita no Rexistro Xeral do Concello de Santiago poden chamar ao teléfono 881 505 107 ou facelo a través da páxina web: <https://citaprevia.santiagodecompostela.gal/>

Se presenta a solicitude a través da sede electrónica do Concello de Santiago

(<https://sede.santiagodecompostela.gal/>) escolla o trámite “Inscrición na Escola Municipal de Música” dentro do catálogo de trámites dispoñible.

As prazas adxudicaranse pola seguinte orde:

**1º** Fillos/as do persoal do centro, segundo o indicado no artigo 80 do VI Convenio colectivo de empresas de ensinanza privada sostidas total ou parcialmente con fondos públicos, que di :”

*Preferencia de praza en postos escolares.- A preferencia de praza en posto escolar considérase respecto á empresa do traballador, sempre que este teña unha*

*dedicación polo menos igual á metade da xornada laboral anual, para calquera nivel educativo dos alí impartidos e se así o permiten as características propias da empresa.”*

**2º** Persoas empadroadas no concello de Santiago ou que cursen estudos da ensinanza obrigatoria ou estudos de grao medio, superior ou estudos universitarios en Santiago con irmáns matriculados actualmente na EMM:

Se se dispón de prazas suficientes, realizarase a matrícula directa nos prazos aprobados pola Xunta de Goberno Local.

De existir máis solicitudes que prazas, realizarase un sorteo público no Concello de Santiago o 20 de xuño de 2022.

**3º** Persoas empadroadas no concello de Santiago ou que cursen estudos da ensinanza obrigatoria ou estudos de grao medio, superior ou estudos universitarios en Santiago:

Se se dispón de prazas suficientes na modalidade solicitada, realizarase a matrícula directa nos prazos aprobados pola XGL.

De existir máis solicitudes que prazas, realizarase un sorteo público no Concello de Santiago o 20 de xuño de 2022.

Resultado do sorteo e listas de agarda (no caso de ter que realizarse o sorteo público):

Se se obtén a praza solicitada, a persoa seleccionada debe formalizar a matrícula nos prazos aprobados pola Xunta de Goberno Local.

Se non se obtén a praza solicitada, pasará a formar parte dunha lista de agarda onde se establecerá a posición en función do número de entrada asignado no Rexistro Xeral.

No caso de non haber prazas vacantes, pode solicitar praza e incorporarse a unha lista de agarda, que terá validez ata o 28 de outubro de 2022.

Exposición pública das listas provisionais de admitidos en 1ª convocatoria o 21 de xuño de 2022.

Período de reclamacións: 10 días naturais dende a publicación da lista provisional de admitidos.

Exposición pública da relación definitiva de persoas admitidas: 1 de xullo de 2022.

Período de matrícula (do 4 ao 15 de xullo de 2022):

A matrícula formalizarase na secretaría da EMM nos prazos indicados. De non formalizarse a matrícula no período correspondente decaerá o dereito á praza obtida (aínda constando o alumno/a na relación definitiva de admitidos) e terase por desistido da solicitude, arquivándose o expediente e non figurando nas listas de agarda.

### Listaxes de agarda:

Os solicitantes interesados nunha especialidade que se imparte na Escola pero na que non existen prazas vacantes actualmente, poden inscribirse nunha listaxe de agarda (neste caso, unicamente poden inscribirse nunha especialidade). As listaxes de agarda terán validez ata o 28 de outubro de 2022 (agás para Música e Movemento que se estenderá ata o 27 de xaneiro do 2023).

As persoas interesadas en matricularse deberán presentar a solicitud de preinscripción ben por medios electrónicos ou de xeito presencial con cita previa no Rexistro xeral do Concello de Santiago (Rúa Presidente Salvador Allende 4, Galeras), ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Para solicitar a cita no Rexistro Xeral do Concello de Santiago poden chamar ao teléfono 881 505 107 ou facelo a través da páxina web: <https://citaprevia.santiagodecompostela.gal/>

Se presenta a solicitud a través da sede electrónica do Concello de Santiago

(<https://sede.santiagodecompostela.gal/>) escolla o trámite “Inscripción na Escola Municipal de Música” dentro do catálogo de trámites dispoñible.

O antigo alumnado da EMM (que finalizou o plan educativo de 8 anos) poderá solicitar praza na mesma especialidade instrumental que cursou, só de existir prazas vacantes, a partir do 28 de outubro de 2022 e só durante un curso escolar.

Documentación que deben achegar xunto coa solicitud de matrícula:

- Aquela documentación que indique a Ordenanza de prezos públicos de Santiago como necesaria para beneficiarse das bonificacións ou exencións que se establezan.
- Anexos 1 e 2 (dispoñibles na EMM, na web do Concello ou no Departamento Municipal de Educación) e autorización de saída do centro no caso das persoas menores de idade.
- Fotocopia do DNI ou folla do libro de familia onde figura o alumno/a.
- Fotocopia da tarxeta sanitaria do alumno/a.
- Xustificante bancario de ter satisfeito as taxas de matrícula na conta bancaria habilitada para tal efecto (se non se está exento do pago).
- Declaración responsable (Protocolo COVID-19)

A EMM rexistrará todas as matrículas con indicación da data de entrada, e o nome da persoa solicitante. Entregarase unha copia á persoa solicitante.

A dirección da escola, mediante escrito, enviará ao Departamento de Educación, unha vez rematado o prazo de admisión de novas matrículas, unha listaxe coa relación de solicitudes entregadas dentro e fóra de prazo (se é o caso), indicando nome, DNI, data

de rexistro, e a especialidade na que se matricula e procederase á exposición da relación definitiva de matriculadas e da lista de agarda, logo da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

### **NORMAS XERAIS DA EMM:**

O pagamento realizarase por meses anticipados dentro dos 8 primeiros días de cada mes. A falta de pagamento dunha mensuralidade implicará a baixa automática na escola. Tanto o procedemento de pago como de cobro pode verse modificado de acordo coas instrucións dos servizos económicos do concello.

No suposto de que con posterioridade á presentación da solicitude e antes do primeiro día de clase, a persoa solicitante desistise por escrito do servizo solicitado, procederase á devolución de oficio do importe aboado.

As solicitudes de baixa deberán ser presentadas sempre por escrito e antes do día 25 de cada mes na EMM. De non ser así cargarase o recibo correspondente ao mes seguinte.

Ás clases só poderá asistir o alumnado matriculado na Escola que teña aboado os importes correspondentes ás taxas de matrícula e as mensuralidades nos prazos establecidos. As persoas usuarias que non teñan pagado as cotas correspondentes serán dadas de baixa automaticamente.

As clases impartiranse nas instalacións da Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela (Predio de Vista Alegre. Rúa das Salvadas, s/n. 15705 Santiago de Compostela) durante o curso escolar, respectando os períodos vacacionais do calendario escolar establecidos pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia no curso escolar.

A asistencia ás clases debe ser regular. No caso de ausencias inxustificadas (como máximo 3 por trimestre/materia) ou incumprimento das normas que regula o Proxecto educativo do centro, a Comisión de Coordinación Pedagóxica tomará as medidas oportunas, incluso a baixa no centro, logo da comunicación e de acordo co Departamento de Educación do Concello de Santiago.

A estrutura e o plan de estudos pode facer necesaria a flexibilidade nos horarios (reestruturación de grupos, promoción dos niveis de ensino, audicións colectivas...) polo que poderán ser modificados ao longo do curso.

En calquera caso, a preferencia por un horario e/ou profesor/a non é un dereito. Só se poderá cambiar de especialidade instrumental por motivos xustificados e logo do pedimento razoado por escrito da persoa interesada, acompañado do informe do profesor/a, e que deberá ser aprobado pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do Centro.

Cando un alumno/a non poida acudir a clase prégame, sempre que sexa posible, que se realice a correspondente comunicación ao centro coa maior antelación posible.

A comunicación co equipo directivo e o profesorado da EMM deberá solicitarse con cita previa.

A sinatura do impreso de matrícula leva consigo a aceptación das normas xerais da Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela.

### **CALENDARIO ESCOLAR:**

O curso académico someterase ao calendario escolar que fixe anualmente a Consellería de Educación da Xunta de Galicia para infantil e primaria. O horario xeral do centro estará reflexado na programación xeral anual, e a Escola poderá ofrecer actividades fóra do calendario escolar previsto logo de presentar a proposta para a súa aprobación polo órgano competente do Concello de Santiago de Compostela.

### **PREZO PÚBLICO:**

De acordo coa Ordenanza 4.30. Prezo público pola prestación dos servizos da Escola Municipal de Música- Modificación aprobada por acordo do Pleno da Corporación o día 31 de outubro de 2012. Publicada no BOP da Coruña de 31 de decembro de 2012:

**Matrícula anual:** 59,50 €

#### **Cotas mensuais:**

Música e Movemento\_

Iniciación (música e movemento I): 35,65 €

Formación básica (música e movemento II): 35,65 €

Práctica instrumental (curso completo) PEX ou PEPA: 53,50 € Práctica

instrumental + actividades instrumentais de conxunto: 42,80 €

Formación musical complementaria a práctica instrumental (linguaxe musical):  
35,65 €